



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 6 de febreiro de 2025, tras solicitude pola Área Sanitaria de A Coruña e Cee, Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza e Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto sanitario, social e económico,

ISOFLUORANO (Sedaconda®)

na indicación de sedación de pacientes adultos con ventilación mecánica durante seu ingreso en cuidados intensivos.

Motivado polo **Regulamento (UE) 2024/573 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de febreiro de 2024, sobre gases fluorados de efecto invernadoiro, que establece normas sobre a contención, uso, recuperación, reciclado, rexeneración e destrución dos gases fluorados de efecto invernadoiro, así como pola Estratexia de Economía Circular do Servizo Galego de Saúde 2023-2030 sobre os retos do cambio climático para a saúde, é necesario facer un uso "moi selectivo" dos gases fluorados de efecto invernadoiro nos diferentes ámbitos, incluído o sanitario,**

Por todo elo, o seu uso debe limitarse, avaliando de maneira individual, ás seguintes situacións:

- **dificultade para acadar sedación profunda con anestésicos intravenosos.**
- **tolerancia ou efectos adversos a anestésicos intravenosos (sedación prolongada).**
- **Distrés respiratorio, status asmático, broncoespasmo, estatus epiléptico.**
- **Necesidade de valoración neurolóxica diaria en pacientes con sedación profunda.**

Esta resolución e comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela, (data e sinatura dixital)

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Xerente da Área Sanitaria do Servizo Galego de Saúde